

Xoan Xosé Pita acende mañá o alumado da árbore de catro metros e medio de Covas

REDACCIÓN > FERROL

■ A Asociación de Veciños Santa Comba, de Covas, recibe mañá o Nadal co acendido do alumado a cargo de Xoan Xosé Pita, presiden-

te da Cooperativa do Campo de Covas, Esmelle e Marmancón e, ademais, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego en Ferrol. Prenderá as luces que decorarán

unha árbore de catro metros e medio e tamén o local social. Será ás 19.30 horas. Ademais, ofrecerase ós asistentes unha copa de cava para felicitar as festas. Media hora máis tarde entregarase un carné co cal os socios obterán descontos en varios establecementos. O chocolate con churros e a música do grupo cubano de salsa @Son completarán unha festa na que haberá sorteo de cestas de Nadal no intermedio. Están patrocina-

das por Gadisa.

A programación da entidade veciñal continuará os días 22, 26, 27, 28 e 29 de decembro e 2 e 4 de xaneiro con obradoiros de xogos para nenos maiores de tres anos. Realizaranse de cinco a oito da tarde. Está previsto realizar un belén de plastilina ou escribir a carta ós Reis Magos. Tamén haberá talleres de reciclaxe, maquillaxe, agasallos e adornos de Nadal, tatuaxes, globoflexia, pintura e de-

buxo, xogos de mesa e xogos libres. Estas actividades estarán supervisadas polos animadores de Diver Show.

Nesta programación, que inclúe unha festa para recibir ós Reis Magos o día 3, cóntase co apoio do Concello de Ferrol, de Ele Producciones, a Cooperativa do Campo de Covas, Esmelle e Marmancón, Clean&Clean, Gadisa, Fimpir, a pensión A Cochera e mobles Hipólito.